

Teatro

Barbarie en Branco e Negro

[Fantasía nº 4 para La + G]¹

Esther Carrodegua

A actriz, sentada no chan, ilumina coa súa man dereita o mundo, cun farol



Picasso pintou o Guernica en 1937

No centro do cadro hai unha muller que ilumina a barbarie

Unha muller coma min

Cun farol

Iluminando a barbarie

Pausa

A barbarie é a humanidade

Son eu

Es ti

Pausa

A barbarie

Pausa

Unha muller ilumina a barbarie en branco e negro

Coma min

Pausa

Non lle fai falta a cor vermella

¹ Este texto foi escrito por encarga da actriz Josi Lage, coas súas inquedanzas e as súas teimas; dende a súa enerxía e para o seu corpo. Foi escrito como desexo da propia actriz de romper a cuarta parede e poder tocar o público, respirar ao seu carón, cheiralo e deixarse cheirar, por el.

Ao cadro
 Porque a cabeza de cada un
 De cada unha
 Pode poñer o sangue perfectamente
 Sobre a barbarie

Pausa. Grande. Tan grande coma unha barbarie

Un señor fascista
 En París
 Preguntoulle a Picasso
 Pasado un tempo
 Sobre este cadro

O Guernica

Preguntoulle:
 —¿Foi vostede / quen o fixo / este cadro?
 Picasso contestou que non
 Que non fora el
 Díxolle:
 —Fixérona vostedes / a barbarie / e non eu

Pausa

Este espectáculo vai diso
 Da barbarie que cun só farol se pode ver en
 dentro de nós
 Vai de que con este pequeno farol
 Poidas chegar a ver a barbarie que hai dentro
 de ti

Escuro. A actriz ponse cómoda entre a xente. Saca os zapatos. Por exemplo escoitamos unha cremalleira que baixa. E de súpeto, ilumina un pé. Xoga con el, ata que cada espectador ou espectadora poida velo. A actriz ten que ter a intención de que o público desexe chucharlle o pe. É bo, tamén, que o público estea tan preto dela que, en caso de desexalo, poidan facelo sen dificultade

Este é o meu pé
 Que opinión vos pode merecer?
 Este é o pe que me sostén
 Non é unha metáfora
 Pode que haxa poesía
 No meu pé
 Pero non é unha metáfora
 É o pe que me sostén
 Quíxome sempre
 O meu pé

Antes cando estaba gorda coma unha pelota
 E agora tamén

Pausa

Xamais se separou de min

Pausa

Ninguén me quixo nunca tanto coma o meu pé

Pausa

Non é unha metáfora

Pausa

Na túa cabeza
 Quen sabe que relato estás a armar
 Eu so che fago ver un pé

Pausa

O soporte da vida
 Non é unha metáfora
 NON É UNHA METÁFORA

Pausa

Pode que penses que son unha porca
 Por estar aquí
 Amosándoches o meu pé
 Eu so quería amosarche o meu pé
 Porque é o que sostén a miña vida
 Pero o que máis me gustaría agora mesmo
 É saber o que estas pensando
 Ti

Pausa

Sobre o meu pe
 Por exemplo
 Sobre o meu pe e sobre min

Pausa. Con la linterna, ilumina ao público

Imprimir os pensamentos
 Que estades a ter
 Imprimilos
 Para poder lelos ao saír do teatro

Pausa

Diso vai esta obra
 Da vosa barbarie interna
 Ese é o texto teste *show*
 Quero iluminar as vosas pantasma

Pausa

Non podo escoitalas
 Pero é o que máis me gustaría
 Pór un micrófono sobre o que andades a pensar
 Sexa o que sexa
 Pór un micrófono nas vosas cabezas
 E saber o que andades a pensar
 Mentres mirades o meu pé

Ilumina o pé. Por un anaco, de novo, en silencio

Todo o que hai no mundo
 Todo
 Mesmo o ar que respiramos
 Son células
 Exactamente iguais
 Parecidas
 Con electróns
 Neutróns
 Protóns
 Etcétera
 Partículas
 Ínfimas
 Sen importancia
 Coma min
 Coma o meu pé
 Sen importancia
 Partículas case idénticas
 E mailo baleiro
 E é aí
 No baleiro
 Onde se atopa a barbarie
 O resto son só partículas

Pausa

NON QUERO QUE OS MEUS FILLOS VE-
 XAN ESTE ESPECTÁCULO E NON SEI POR
 QUE

Pausa

Si
 Xa sei
 Quizais doia demasiado
 Pensar na barbarie dentro dos meus fillos

Pausa

A BARBARIE DENTRO DOS MEUS FILLOS

*Pausa. Pon a lanterna sobre a boca. Pode se-
 mellar unha verga ou unha pistola a piques do
 suicidio. Aínda un anaco de tempo, pasa*

Non podo vela
 Non a podo iluminar coa miña lanterna
 Está entre as partículas
 Escorrega
 A barbarie escorrega

Ilumino de novo a xente, de cara en cara

Ilumino as vosas caras

Dunha en unha

Mais a barbarie
 Escorrega

De novo, o pé

Un pé
 Un pé ten que permanecer agochado
 Detrás do seu zapato
 É unha vergonza un pé
 Un pé é algo sucio
 Noxento
 Un pé arrastrándose polo chan
 É un noxo
 Un pé
 Cheira
 Un pé
 Iso que che sostén
 O que che da a vida
 É un noxo
 Cheira
 NOXENTO

Pausa. E fala moi amodo, é unha confesión

Imaxina que alguén entre o público
 Cre que ten dereito sobre o meu corpo
 Porque lle estou a ensinar un pé
 É unha perversión
 Unha barbarie
 Unha barbarie que non son quen de iluminar
 Que alguén pense cousas que non están nas
 partículas
 Que alguén pense que me pode VIOLAR
 Porque lle ensinei o meu pé
 Crer que ten ese poder
 Un poder podre

Quizais coma todo poder
 Crer que tes poder sobre min porque che ensinei
 un pé

Pausa

A BARBARIE

NON:

**NON QUERO VER A BARBARIE DENTRO
 DOS MEUS FILLOS**

Pausa

VIOLACIÓN

Dicir a palabra violación

Mentres amoso o meu pé

Que alguén pense que merezo que me fodan
 viva entre matas de toxos porque veño de amosarlle un pé

DEVASTADOR

Que alguén pense que me pode foder viva porque é o que eu quero

Porque é o que preciso

Porque é o que merezo

Porque é o que estou a buscar

Porque é o que arrisco

Cando amoso

O meu pé

DESOLADOR

NON

**NON QUERO VER A BARBARIE
 DENTRO DOS MEUS FILLOS**

E por iso nunca lles deixarei que veñan ver este espectáculo

Moi moi baixiño

Por iso

E porque me da vergonza

Aínda que non me guste admitilo

Porque son unha muller liberada

Ou gústame pensalo

E eduquei aos meus fillos na liberdade sexual

Etcétera

Mais pesan de máis

Esas monxas

Que me adoutrinaron

E aínda están dentro de min

Conformando a miña barbarie

Pausa. Apaga a lanterna. Prepara a saída. Xa en pé, disposta a marcharse, volve acender a lanterna.

Vin

Aquí

Hoxe

Porque quería iluminar a vosa barbarie

Aínda que xa sabía

Que non podería vela

Non é tan sinxelo

Pausa

Non é fácil de ver

Mais está

Parece que se va, máis aínda ten algo que dicir

Tamén me gustaría estar fóra

Escoitar todas as vosas conversas

As que teñan que ver co meu pé, digo

QUE CONA FACÍA ESA TIPAMOSÁNDONOS O PÉ?

QUE QUERÍA CONTARNOS AMOSÁNDONOS O SEU PÉ?

ACASO ERA UNHA METÁFORA?

Gustárame

Fariame graza

Por ego, quizais

Ou por vinganza cómica, nada máis, non sei

Porén

Non é o importante

Pausa

Non penses en min

Nin no meu pé

Recoméndocho

Este espectáculo

En realidade

Estase escribindo

AGORA MESMO

Dentro de ti

E vaise indo.

E non volve a saudar, claro, pois o espectáculo non remata. Acaso comeza.